



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

O IDIS galardoado pola Fundación Tecnología y Salud e FENIN polo seu labor “na mellora da saúde da poboación”

Recolleu a distinción a directora científica do IDIS, Luz Couce, nun acto presidido pola secretaria de Estado de Sanidade, Silvia Calzón

A organización recoñece ao IDIS como institución comprometida no ámbito da tecnoloxía sanitaria

Santiago de Compostela, 23 de novembro 2022.- Os profesionais do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela foron recoñecidos co premio Tecnoloxía e Saúde, convocado pola *Fundación Tecnología y Salud* e FENIN. Con este galardón ambas institucións queren recoñecer a “contribución de personalidades e institucións, asociacións de doentes e compañías emprendedoras ao sistema sanitario e á saúde da poboación” e que ademais “poñen en valor a aportación da tecnoloxía sanitaria”.

Así, esta semana a directora científica do IDIS, Luz Couce, recolleu dito recoñecemento nun acto presidido pola secretaria de estado de Sanidade, Silvia Calzón, no círculo de Bellas Artes de Madrid. Segundo a organización, o recoñecemento ao IDIS débese ao “labor que desenvolve este centro de investigación biomédica traslacional no que respecta á mellora da saúde da poboación. Este centro soubo aproveitar as sinerxías do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela coa publicación de máis de 1.000 artigos científicos, editoriais e revisións durante o ano 2021”.

Luz Couce destacou no acto que “este galardón supón un recoñecemento á traxectoria do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela como institución que aposta por estar na vangarda nas ferramentas de tecnoloxía sanitaria que axuden á mellora da saúde da cidadanía, e vains implicar, se cabe, a un maior compromiso para trasladar a innovación tecnolóxica ao ámbito da saúde”.

Engadiu que o IDIS destaca “pola súa potencia en masa crítica, con grupos moi competitivos que son referencia a nivel internacional no seu ámbito, pola crecente captación de recursos, produción científica e capacidade de innovación e transferencia, sendo o IDIS unha incubadora para empresas biotecnolóxicas”.

“Co obxectivo de mellorar a saúde da cidadanía estamos a consolidarnos como centro de referencia nacional e internacional e por iso continuamos nun período de crecemento no que pretendemos fomentar a investigación traslacional, promovendo a colaboración entre investigadores clínicos e básicos para poder realizar unha ciencia excelente e tendo presente a cooperación, pois somos conscientes de que o éxito nunca é dunha persoa soa, é dun equipo de profesionais que traballan con ilusión e afán de mellora”, abundou Couce.

Pola súa banda, a secretaria do Patronato da Fundación Tecnología y Salud e secretaria xeral de FENIN, Margarita Alfonsel subliñou que este evento axuda a “visibilizar o valor e a aportación social desta tecnoloxía, protagonista indiscutible do coidado da nosa saúde, máxime en momentos como o actual de transformación do sistema sanitario”. **Saúdos,**